Datos estatísticos básicos de Galicia 2009

XUNTA DE GALICIA

Instituto Galego de Estatística
Complexo administrativo San Lázaro
San Lázaro, s/n
15703 Santiago de Compostela
Tfno.: 981-541589 (de 9 a 14h)
Fax: 981-541323
http://www.ige.eu

Elaboración
Instituto Galego de Estatística

Edita
Xunta de Galicia
Consellería de Facenda

Colección
Área de difusión

Dep. legal
PO 263-2006

ISSN
1699-2997

Deseño e maquetación
Mabel Aguayo, CB

Tiraxe
550 exemplares

Cap.		Páx.
1	Territorio e recursos naturais	4
2	Medio	6
3	Poboación	8
4	Saúde	12
5	Educación, cultura e lecer	14
6	Mundo laboral	16
7	Benestar	20
8	Sector agrario, pesca e acuicultura	24
9	Enerxía e industria	28
10	Construción e vivenda	30
11	Servizos de mercado e actividade empresarial	32
12	Administración pública	36
13	Mercados e prezos	38
14	Sistema de contas	40
15	Sociedade da información	42
16	Ciencia e tecnoloxía	44
17	Abreviaturas e signos	46
18	Fontes	47
19	Precisa máis datos?	48

Porcentaxe de persoas que residen en núcleos de máis de 1.000 habitantes. Anos 1999 e 2008



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Explotación estadística y nomenclátor
Nota: a data de referencia dos datos é o día 1 de xaneiro de cada ano

No ano 2008, preto do 53% dos galegos reside en núcleos de poboación de máis de 1.000 habitantes. Hai unha década, esta porcentaxe roldaba o 49%.

Rede de estradas. Galicia. Ano 2007
Quilómetros

	Quilómetros de estradas
Do Estado	2.293
Vías de gran capacidade	780
Da comunidade autónoma	5.372
Das deputacións	9.792

Fonte: Ministerio de Fomento. Anuario estadístico 2007. Extraído de http://www.mfom.es [3 de xullo, 2009]

Principais datos do teritorio. Ano 2008

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Superficie (km^2)	7.950	9.856	7.273	4.495
Densidade (hab./km^2)	143,3	36,1	46,2	212,1
Concellos	94	67	92	62
Entidades colectivas	932	1.264	916	666
Entidades singulares	10.392	9.770	3.684	6.245
Núcleos	4.046	1.334	2.594	2.305
Diseminados	6.400	8.590	1.178	4.312

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Explotación estadística y nomenclátor

Superficie e densidade

A superficie total da Comunidade Autónoma de Galicia acada os 29.574 quilómetros cadrados e a densidade de poboación en 2008 é de 94,1 persoas por quilómetro cadrado. Por provincias, Pontevedra, con 212,1 habitantes por quilómetro cadrado, é a que presenta unha maior densidade de poboación. No outro extremo atópase Lugo, con 36,1 persoas por quilómetro cadrado.

Investimentos en infraestruturas

No ano 2007 investíronse en Galicia 265,2 millóns de euros na rede de estradas dependentes do Estado, 333,4 millóns na dependente da comunidade autónoma e 68,5 na das deputacións. O investimento en ferrocarril acadou os 542,6 millóns de euros e en transporte marítimo e actuacións na costa foi de 148 millóns de euros.

Liquidación orzamentaria dos investimentos en infrestruturas. Galicia. Anos 2006 e 2007. Datos provisionais
Miles de euros

	2006	2007
Na rede de estradas	702.502	667.057
do Estado	281.270	265.162
da comunidade autónoma	301.295	333.407
das deputacións	119.937	68.488
Realizadas polas concesionarias de autoestradas	3.131	4.746
En ferrocarril	403.054	542.599
En aeroportos e navegación aérea	27.319	29.505
En transporte marítimo e actuacións na costa	103.507	148.056

Fonte: Ministerio de Fomento. Anuario estadístico 2007. Extraído de http://www.mfom.es [17 de xuño, 2009]
Nota: nos investimentos realizados na rede de estradas inclúense as estradas dependentes do Estado, da comunidade autónoma e das deputacións

Catastro inmobiliario rústico e urbano. Ano 2008

Superficie en hectáreas e valor catastral en millóns de euros

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Urbano				
Núm. parcelas	494.196	216.915	269.904	400.016
Construídas	313.170	161.996	190.787	260.751
Superficie parcelas	39.481	10.840	9.215	20.927
Valor catastral total	32.511	7.389	9.880	20.931
Construcións	20.352	4.969	5.202	13.223
Solo	12.159	2.420	4.678	7.708
Rústico				
Núm. parcelas	2.925.826	2.363.008	3.715.738	2.567.748
Superficie rústica	750.434	973.208	714.201	423.699
Valor catastral	755	535	314	365

Fonte: Dirección General de Catastro. Extraído de: http://www.catastro.minhac.es/

Superficie rústica e urbana

No ano 2008, a superficie rústica de Galicia é de 2.861.543 ha, repartidas en 11.572.320 parcelas. O valor catastral destas parcelas sitúase en preto de 2.000 millóns de euros.

O número de parcelas urbanas ascende a 1.381.031, cunha superficie total de 80.463 ha. O valor catastral total acada os 70.711 millóns de euros, dos cales 43.746 corresponden ao valor catastral das construcións e os 26.965 restantes ao valor do solo.

Produción de madeira

En 2006 cortáronse en Galicia 6,7 millóns de metros cúbicos de madeira con cortiza. O 44,3% correspondía a eucalipto, o 41,3% a piñeiro (P. pinaster), o 10,2% a outro tipo de coníferas e o 4,2% restante a outro tipo de frondosas.

Evolución da produción de madeira. Galicia

Metros cúbicos con cortiza

	2004	2005	2006
Total madeira	**5.433.221**	**5.725.049**	**6.686.988**
Coníferas	2.635.580	2.718.292	3.444.424
P. pinaster	1.747.290	1.714.904	2.761.532
Outras coníferas	888.290	1.003.388	682.892
Frondosas	2.797.641	3.006.757	3.242.564
Eucalipto	2.563.784	2.697.627	2.961.456
Outras frondosas	233.857	309.130	281.108

Fonte: Consellería do Medio Rural. Anuario de Estatística Agraria e información subministrada directamente

Número de lumes forestais e superficie queimada nos meses de xuño a setembro de 2008. Galicia

Número de lumes e hectáreas



Nos meses de verán (xuño-setembro) de 2008 rexistráronse 1.011 lumes forestais en Galicia que queimaron 1.131 hectáreas, das cales 812,8 correspondían a superficie rasa e as 318,5 restantes a superficie arborizada.

Superficie queimada nos incendios forestais nos meses de xuño a setembro de 2008. Galicia



Fonte: Consellería do Medio Rural. Extraído de http://mediorural.xunta.es [18 de xuño, 2009]

Precipitación total e temperatura media mensual. Estación Santiago-EOAS. Ano 2008



Fonte: Meteogalicia. Informe climatolóxico do ano 2008. Extraído de http://www.meteogalicia.es [11 de maio, 2009]

Comparativa da ocupación media dos encoros de Galicia
Porcentaxes



Fonte: Augas de Galicia. Extraído de http://augasdegalicia.xunta.es [11 de maio, 2009]

Segundo a "Enquisa social 2008: fogares e medio", no 93,6% das vivendas familiares principais de Galicia, os seus membros teñen hábitos para reducir o consumo de auga. Entre as prácticas máis habituais atópanse desconxelar con antelación a comida (84,3% dos fogares) e poñer a funcionar o lavalouza e a lavadora en plena carga (77,9%).

Por outra banda, o 50,9% conta con polo menos un dispositivo para reducir o consumo de auga.

Persoas de 16 ou máis anos preocupadas polo medio e participación en actividades relacionadas co medio. Ano 2008
Porcentaxes

	Galicia	España
Preocupadas polo medio	93,1	95,1
Moi preocupadas polo medio	69,0	76,9
Tiveron coñecemento dalgunha campaña	50,6	59,2
Detectaron algún problema relacionado co medio	35,4	27,9
Participaron nalgunha actividade	18,4	19,1

Fonte: IGE-INE. Enquisa social 2008: fogares e medio

O 93,1% dos galegos de 16 ou máis anos manifesta que está preocupado polo medio

O 93,1% dos galegos de 16 ou máis anos está preocupado polo medio e o 35,4% detectou no seu contorno algún problema ambiental. Porén, a porcentaxe de galegos de 16 ou máis anos que durante o ano 2007 participou nalgunha actividade relacionada co medio foi do 18,4%.

Os fogares galegos gastan unha media de 161 litros de auga por persoa e día

En 2006 distribuíronse 229,6 hm^3 de auga nas redes públicas de abastecemento urbano de Galicia, dos cales o 20,2% se perdeu na rede de distribución. O 69,8% do total de auga distribuída destinouse aos fogares, que consumiron unha media de 161 litros por persoa e día.

En Galicia, o valor unitario da auga (cociente entre os importes aboados polos usuarios e a auga consumida) situouse en 0,7 euros por metro cúbico, 37 céntimos menos que para o conxunto de España.

Subministración de auga. Galicia. Ano 2006
Miles de metros cúbicos

	2006	Variación anual
Auga distribuída	229.631	-2,3%
Auga distribuída aos fogares	160.223	4,9%
Auga perdida na rede de distribución	46.293	-2,6%
Consumo medio dos fogares (litros/hab./día)	161	4,7%
Valor unitario da auga (euros/m^3)	0,7	-5,3%

Fonte: INE. Encuesta sobre el suministro y saneamiento del agua. Extraído de http://www.ine.es [11 de maio, 2009]

Nota: para o cálculo do consumo medio dos fogares utilizouse a poboación do día 1 de xullo de cada ano, segundo as estimacións da poboación actual (EPOBA) elaboradas polo INE

Vivendas familiares principais nas que os seus residentes depositan os residuos nos puntos específicos de recollida. Ano 2008

Porcentaxes

	Galicia	España
Residuos cotiáns		
Residuos orgánicos	68,5	60,0
Vidro	60,9	75,3
Envases de plástico, metálicos, ...	58,8	71,8
Papel e cartón	58,6	74,5
Medicamentos	69,9	69,5
Pilas e pequenas baterías	67,7	72,3
Aparatos eléctricos	66,4	65,9

Fonte: IGE-INE. Enquisa social 2008: fogares e medio

En Galicia recóllense selectivamente 113 kg de residuos urbanos por persoa e ano

En 2006 recolléronse en Galicia algo máis de 1,5 millóns de toneladas de residuos urbanos; o 20,5% de forma selectiva, o que supón unha media de 113,3 kg por persoa e ano.

En 2008, no 68,5% das vivendas familiares principais galegas os seus residentes separan os residuos orgánicos para levalos ao punto de recollida específico. O 58,6% recicla papel e cartón, o 60,9% vidro e o 58,8% envases (de plástico, metálicos...)

Cantidade de residuos urbanos recollidos. Ano 2006

	Toneladas		Kg por persoa e ano	
	Galicia	España	Galicia	España
Total de residuos	**1.506.241**	**28.418.545**	**553,7**	**644,9**
Mesturados	1.197.980	21.861.821	440,4	496,1
Recollidos selectivamente	308.261	6.556.724	113,3	148,8
Envases mixtos	56.958	813.727	20,9	18,5
Papel e cartón	40.860	967.520	15,0	22,0
Vidro	32.330	552.114	11,9	12,5
Electrodomésticos	3.220	26.534		
Medicamentos	147	4.900		
Pilas e acumuladores	107	5.416		

Fonte: INE. Encuesta de recogida y tratamiento de residuos. Extraído de http://www.ine.es [12 de maio, 2009]

Nota: para o cálculo da cantidade de residuos recollidos por persoa e ano utilizouse a poboación do día 1 de xullo de 2006, segundo as estimacións da poboación actual (EPOBA) elaboradas polo INE

Residuos xerados pola industria. Galicia. Ano 2006

Porcentaxes

Fonte: INE. Encuesta sobre generación de residuos en el sector industrial. Extraído de http://www.ine.es [12 de maio, 2009]

En Galicia, durante o ano 2006 as industrias xeraron 5,2 millóns de toneladas de residuos, das cales 89.638 se clasificaron como perigosas.

Para este ano, os investimentos totais das empresas industriais en protección ambiental foi de 131,8 millóns de euros, o que supón un incremento do 35,6% respecto ao ano 2005.

Poboación estranxeira segundo o país de nacionalidade. Galicia. Ano 2008

	Número	Porcentaxe
Portugal	18.521	19,4%
Brasil	10.574	11,1%
Colombia	8.289	8,7%
Romanía	5.187	5,4%
Arxentina	5.148	5,4%
Marrocos	4.667	4,9%
Uruguai	4.324	4,5%
Venezuela	4.044	4,2%
Italia	3.255	3,4%
Perú	2.741	2,9%
Outras	28.818	30,2%
Total	**95.568**	**100%**

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes
Nota: a data de referencia dos datos é o día 1 de xaneiro de 2008

O día 1 de xaneiro de 2008 tiñan fixada a súa residencia habitual en Galicia 95.568 persoas de nacionalidade estranxeira, que supón o 3,4% do total da poboación galega.

Comparación das pirámides de idade da poboación de nacionalidade española e estranxeira. Galicia. Ano 2008



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes
Nota: a data de referencia dos datos é o día 1 de xaneiro de 2008

Poboación do día 1 de xaneiro de 2008 segundo o sexo

	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	1.139.121	548.037	591.084
Lugo	355.549	172.914	182.635
Ourense	336.099	161.848	174.251
Pontevedra	953.400	461.469	491.931
Galicia	**2.784.169**	**1.344.268**	**1.439.901**
España	46.157.822	22.847.737	23.310.085
UE-27	497.455.033		

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes
EUROSTAT. Extraído de http://epp.eurostat.ec.europa.eu

A idade media da poboación galega é 3,5 anos superior á do conxunto de España

O día 1 de xaneiro de 2008 residían en Galicia 2.784.169 persoas, segundo a cifra oficial de poboación facilitada polo Padrón municipal de habitantes. Tres cuartas partes desta poboación reside nas provincias da Coruña e Pontevedra.

En 2008, a idade media da poboación galega acadou os 44,3 anos, 3,5 anos máis que a media nacional. Por sexo, a idade media das mulleres galegas foi de 45,8 anos, 3,2 anos máis que para os homes.

Para este ano, o índice de envellecemento situouse en 135,1 anos; é dicir, por cada cen mozos menores de 20 anos residentes en Galicia existían 135 maiores de 64 anos.

Evolución do índice de envellecemento
Tanto por cento



Idade media da poboación segundo o sexo. Ano 2008
Anos



Fonte: Elaboración propia a partir das estimacións da poboación actual (EPOBA) do día 1 de xullo de cada ano publicadas polo INE

Indicadores de natalidade e fecundidade. Ano 2007

	Galicia	España
Número de nacementos	**21.752**	**492.527**
Número de nacementos de nai estranxeira	1.471	93.486
Taxa bruta de natalidade	8,0	11,0
Taxa xeral de fecundidade	32,8	43,3
Idade media no momento da maternidade	31,5	30,8
Número medio de fillos por muller	1,0	1,4

Fonte: IGE- INE. Movemento natural da poboación

Nota: a taxa bruta de natalidade, a taxa xeral de fecundidade, a idade media no momento da maternidade e o número medio de fillos por muller calculáronse a partir dos nacementos ocorridos durante o ano 2007 e as estimacións da poboación actual (EPOBA) do día 1 de xullo de 2007 publicadas polo INE

O 6,8% dos nacementos son de nais estranxeiras

Durante o ano 2007 producíronse un total de 21.752 nacementos de nais que tiñan fixada a súa residencia habitual en Galicia, un 1,7% máis que no ano anterior.

A taxa bruta de natalidade, calculada como o número de nacementos por cada mil habitantes, acadou a cifra de 8,0.
As mulleres galegas teñen o seu primeiro fillo á idade de 31,5 anos e teñen de media un fillo por muller.

Do total de nacementos ocorridos durante o ano 2007, 1.471 correspondían a mulleres de nacionalidade estranxeira, o que supón unha contribución do 6,8%. Para España, os nacementos de nais de nacionalidade estranxeira supuxeron o 19% do total de nacementos.

Evolución da porcentaxe de nacementos de nai estranxeira



Fonte: IGE- INE. Movemento natural da poboación

Matrimonios segundo o tipo. Galicia. Ano 2007

	Matrimonios
Total	**11.185**
Home e muller	11.111
Home e home	49
Muller e muller	25

Fonte: IGE-INE. Movemento natural da poboación

Evolución do número de disolucións matrimoniais. Galicia



Fonte: INE. Estadística de nulidades, separaciones y divorcios. Extraído de http://www.ine.es [15 de maio, 2007]

Poboación de 20 ou máis anos segundo o sexo e o estado civil. Galicia. Ano 2007

	Homes	Mulleres
Solteiro	350.114	292.023
Casado	647.149	648.035
Viúvo	47.064	198.281
Separado ou divorciado	37.577	55.259

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Evolución do número de nacementos, defuncións e do saldo vexetativo. Galicia. 1975-2007



Fonte: IGE-INE. Movemento natural da poboación

O saldo vexetativo, ou crecemento natural da poboación, calcúlase como a diferenza do número de nacementos producidos nun ano menos o número de defuncións.

Un saldo vexetativo negativo indica que nese ano morreron máis persoas das que naceron.

En 2007, o saldo vexetativo en Galicia acadou a cifra de -8.407 persoas, o que supón unha diminución do 5,1% con respecto ao ano 2006.

Defuncións segundo o sexo e a idade. Galicia. Ano 2007

	Homes	Mulleres
Total	**15.435**	**14.724**
<45 anos	776	315
45-64 anos	2.528	961
65-74 anos	2.900	1.478
75-84 anos	5.201	4.334
85 e máis anos	4.030	7.636

Fonte: IGE-INE. Movemento natural da poboación

Indicadores de mortalidade. Ano 2007

	Galicia	España
Número de defuncións	**30.159**	**385.361**
Taxa bruta de mortalidade	11,1	8,6
Homes	11,8	9,1
Mulleres	10,4	8,1
Taxa de mortalidade infantil	3,3	3,5

Fonte: IGE- INE. Movemento natural da poboación

Nota: as taxas brutas de mortalidade calculáronse a partir das defuncións ocorridas durante o ano 2007 e as estimacións da poboación actual (EPOBA) do día 1 de xullo de 2007 publicadas polo INE

As mulleres morren a idades máis tardías

Durante o ano 2007 rexistráronse un total de 30.159 defuncións de galegos, o que supón un crecemento do 2,6% respecto ao ano anterior. A taxa bruta de mortalidade acadou as 11,1 defuncións por cada mil habitantes. A taxa de mortalidade infantil (número de defuncións de menores dun ano, por cada mil nacidos vivos) foi de 3,3.

Tal e como se mostra na táboa da esquerda, existen diferenzas significativas na distribución das defuncións segundo o sexo e os grupos de idade. Sete de cada dez galegos menores de 45 anos mortos durante o ano 2007 eran homes. Ademais, o 73,9% dos homes galegos falecidos durante o ano 2007 non chegaba aos 85 anos. Porén, para as mulleres esta porcentaxe foi do 48,1%.

Distribución das defuncións segundo o sexo e a idade. Galicia. Anos 2007 e 1977

Porcentaxes



Fonte: IGE- INE. Movemento natural da poboación

Movementos migratorios externos. Ano 2007

	2007	Variación interanual (%)
Inmigracións	**47.772**	11,4%
Doutra CCAA de España	21.386	7,3%
Do estranxeiro	26.386	15,0%
Emigracións	**28.189**	11,5%
A outra CCAA de España	22.722	6,3%
Ao estranxeiro	5.467	39,9%
Saldo migratorio externo	**19.583**	11,3%

Fonte: INE. Estadística de variaciones residenciales. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE
Nota: na emigración ao estranxeiro inclúense as baixas por caducidade

En 2007, Galicia recibiu 26.386 inmigrantes procedentes do estranxeiro

Durante o ano 2007 marcharon de Galicia 28.189 persoas e chegaron 47.772 procedentes do resto de España e do estranxeiro, o que sitúa o saldo migratorio externo en 19.583 persoas.

O 44,8% dos inmigrantes que recibiu Galicia en 2007 procedía de España, o 20,1% do resto de Europa, o 23,8% do continente americano, o 3,2% de África, o 1,3% de Asia, o 0,1% de Oceanía e no 6,8% dos casos restantes o país de procedencia é descoñecido.

O 19,4% dos galegos que marcharon de Galicia en 2007 fíxoo a outro país fóra de España.

Arxentina e Venezuela son os países estranxeiros onde viven máis galegos

O día 1 de xaneiro de 2009 residían no estranxeiro un total de 383.599 persoas de nacionalidade española e inscritas nalgunha provincia galega no Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE). O 34,8% destas persoas residen en Arxentina, que é o país estranxeiro onde viven máis galegos. A continuación atópase Venezuela, con preto de 42.000 galegos.

Segundo a idade, o 10,8% de inscritos no PERE teñen menos de 16 anos, o 60,2% entre 16 e 64 anos e o 28,9% restante 65 ou máis anos.

Poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro e inscrita nalgunha provincia de Galicia. Distribución segundo o sexo e grupos de idade. Ano 2009

	Total	<16 anos	16-64 anos	>=65 anos
Total	**383.599**	**41.493**	**231.081**	**111.025**
Homes	187.661	21.088	115.839	50.734
Mulleres	195.938	20.405	115.242	60.291

Fonte: INE. Padrón de españoles residentes en el extranjero. Extraído de http://www.ine.es [18 de maio, 2009]
Nota: a data de referencia dos datos é o día 1 de xaneiro de 2009

Poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro e inscrita nalgunha provincia de Galicia. Ano 2009

	Inscrita en Galicia
Total	**383.599**
Europa	93.384
Suíza	35.315
Francia	17.810
Alemaña	15.333
Reino Unido	10.982
Portugal	3.271
Países Baixos	2.760
Andorra	2.539
Bélxica	2.400
África	817
América	287.624
Arxentina	133.561
Venezuela	41.783
Brasil	34.437
Uruguai	33.195
Cuba	12.601
EEUU	11.863
México	9.869
Panamá	2.360
Chile	2.085
República Dominicana	1.662
Canadá	1.591
Asia	470
Oceanía	1.304

Fonte: INE. Padrón de españoles residentes en el extranjero. Extraído de http://www.ine.es [18 de maio, 2009]
Nota: a data de referencia dos datos é o día 1 de xeneiro de 2009

O Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE) obtense dos datos existentes nos rexistros de matrícula de cada oficina ou sección consular. Están obrigados a inscribirse:

- Os españois que residan habitualmente no estranxeiro e os que trasladen alí a súa residencia habitual.

- Os seus fillos menores de idade suxeitos á súa patria potestade se están na súa compañía.

Profesionais sanitarios colexiados. Galicia. Ano 2008

	Núm.	% Mulleres
Diplomados en enfermería	13.684	87,5%
Médicos	12.053	43,9%
Farmacéuticos	4.461	75,3%
Veterinarios	2.838	39,4%
Fisioterapeutas	1.676	71,1%
Odontólogos e estomatólogos	1.534	45,4%
Podólogos	259	66,0%

Fonte: INE. Estadística de profesionales sanitarios colegiados 2008

Recursos materiais do Servizo Galego de Saúde. Ano 2007

En atención primaria	
Centros de saúde	393
Consultorios	93
En atención especializada	
Hospitais e fundac. públicas hospitalarias	32
Centros de especialidades	14
Centros de orientación familiar	12

Evolución dos orzamentos de gastos do Servizo Galego de Saúde



Fonte: Sistema Público de Saúde de Galicia. Memoria 2007

Principais indicadores. Galicia. Ano 2007

	Valor absoluto	por 1.000 hab.
Consultas de atención primaria (centros informatizados)	21.882.752	7.892,7
Consultas de atención especializada	4.348.793	1.568,5
Ingresos hospitalarios	244.033	88,0
Camas en funcionamiento	7.446	2,7
Estadías en hospitais	2.248.767	811,1
Estadía media (días)	9	_
Quirófanos funcionantes	190	0,1
Intervencións cirúrxicas	183.165	66,1
Espera cirúrxica media (días)	84	_
Urxencias atendidas en atención especializada	1.095.513	395,1
Prestación farmacéutica en atención primaria (miles de euros)	813.588	293,4
Prestación farmacéutica en atención especializada (miles de euros)	230.323	83,1

Fonte: Sitema Público de Saúde de Galicia. Memoria 2007
INE. Padrón municipal de habitantes 2007

Interrupcións voluntarias do embarazo segundo o grupo de idade da muller. Galicia



Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública. Xunta de Galicia

Esperanza de vida ao nacemento. Galicia

Anos



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes
IGE, INE. Movemento natural da poboación

Defuncións segundo as principais causas de morte. Galicia. Ano 2007

	Total	% Mulleres	Variación interanual (%)
Enfermidades do sistema circulatorio	10.242	55,8%	1,6%
Tumores	8.045	37,2%	0,1%
Enfermidades do sistema respiratorio	3.739	44,7%	8,0%
Causas externas de mortalidade	1.393	34,5%	-6,5%
Enfermidades do sistema dixestivo	1.376	46,4%	4,6%
Enfermidades do sist. nervioso e dos órganos dos sentidos	1.072	64,6%	2,7%
Trastornos mentais e do comportamento	974	71,0%	11,7%
Síntomas/signos/achados anormais, ncop.	930	56,7%	10,6%
Enfermidades endócrinas, nutricionais e metabólicas	652	60,1%	-2,4%
Enfermidades do sistema xenitourinario	652	51,5%	0,9%
Enfermidades infecciosas e parasitarias	634	45,6%	19,4%
Outras causas	450	64,9%	10,3%
Total de enfermidades	**30.159**	**48,8%**	**2,6%**

Fonte: INE. Defunciones según la causa de muerte

No ano 2007 rexístrase en Galicia un total de 30.159 falecidos, dos que un 48,8% son mulleres. As enfermidades do sistema circulatorio sitúanse no primero posto da causa da morte e representan un 34,0% do total, seguidas dos tumores cun 26,7%.

No ano 2007 producíronse 299.635 altas hospitalarias. A principal causa de hospitalización son enfermidades que afectan o aparato circulatorio.

Enfermos dados de alta segundo a diagnose. Galicia. Ano 2007

	Total	% Mulleres	Variación interanual (%)
Aparato circulatorio	40.580	43,4%	-0,3%
Aparato respiratorio	37.710	41,4%	4,9%
Aparato dixestivo	35.207	42,5%	-0,9%
Complicac. embarazo, parto e puerperio	31.901	100,0%	1,7%
Neoplasias	28.429	47,3%	3,0%
Lesións e envelenamentos	27.418	42,9%	1,4%
Resto	98.390	50,6%	-4,5%
Total de altas	**299.635**	**51,8%**	**-0,5%**

Fonte: INE. Encuesta de morbilidad hospitalaria

Causas de morte. Galicia. Ano 2007

Fonte: INE. Defunciones según la causa de muerte

Índices de doazóns e transplantes. Galicia

	2006	2007
Doazóns de sangue (x mil hab.)	43,5	43,0
Doazóns de órganos (x millón hab.)	33,3	29,2
Transplantes (x millón hab.)	89,6	88,7

Fonte: Sistema Público de Saúde de Galicia. Memoria 2007

Principais enfermidades de declaración obrigatoria. Galicia

	2006	2007
Gripe	58.005	82.279
Varicela	9.151	7.528
Tuberculose respiratoria	617	583
Toxi-infeccións alimentarias	487	293
Parotidite	1.370	234
Meninxites víricas	404	175

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública

Fogares segundo o número de persoas con discapacidade. Galicia. Ano 2008

Fonte: INE. Encuesta de discapacidad

Evolución do alumnado matriculado nas universidades galegas



Fonte: CEOU. Datos estatísticos do Sistema Universitario de Galicia

As universidades galegas seguen a perder alumnos no curso 2007-2008

No curso 2007-2008, 67.838 alumnos matriculáronse nas tres universidades galegas, un 4,2% menos que no curso anterior.

Nos últimos dez cursos produciuse unha diminución na matriculación no ensino universitario de 29.816 alumnos, o que supón unha perda do 30,5% con respecto á matrícula do curso 1998-99.

Por ramas, a presenza de mulleres segue a ser maior en todas as ramas, excepto nas ensinanzas técnicas.

Alumnos matriculados no ensino universitario segundo rama. Curso 2007-2008

	Núm. de alumnos	% mulleres
Ciencias da saúde	7.145	77,0
Ciencias experimentais	4.958	61,6
Ciencias sociais e xurídica	32.224	66,2
Ensinanzas técnicas	18.433	34,2
Humanidades	5.083	69,4
Total	**67.843**	**58,5**

Fonte: Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Alumnos matriculados na educación non universitaria de réxime xeral. Curso 2008-2009. Datos provisionais

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Educación infantil	64.339	26.906	6.375	6.125	24.933
Educadión primaria	126.436	51.721	13.192	12.356	49.167
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	91.825	36.596	10.270	9.769	35.190
Bacharelato ordinario	32.258	13.238	3.964	3.420	11.636
Ciclos formativos de grao medio ordinarios	14.768	6.213	1.727	1.405	5.423
Ciclos formativos de grao superior ordinarios	14.217	6.558	1.507	1.140	5.012
Programas de cualificación profesional inicial	2.177	786	208	266	917
Bacharelato de adultos	6.019	3.756	573	477	1.213
Ciclos formativos de grao medio de adultos	1.611	640	242	116	613
Ciclos formativos de grao superior de adultos	1.962	813	178	113	858
Ensinanzas niveis I, II e III de adultos	7.226	2.874	671	843	2.838
Educación especial	1.283	649	81	69	484
Total	**364.121**	**150.750**	**38.988**	**36.099**	**138.284**

Fonte: Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

O alumnado matriculado no segundo ciclo de educación infantil incrementouse nun 3%

O número de alumnos matriculados no segundo ciclo de educación infantil experimentou no curso 2008-2009 o incremento máis significativo dos últimos anos, cunha variación interanual en termos absolutos que acadou os 1.853 alumnos.

Alumnos matriculados por unidade en educación infantil e primaria. Curso 2008-2009. Datos provisionais



Fonte: Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Produción editorial. Ano 2008

	Títulos	Exemplares (miles)	Tiraxe media	Variación interanual (%) do número de exemplares
A Coruña	2.158	2.778	1.287	60,1
Lugo	153	134	876	-30,5
Ourense	153	134	876	83,5
Pontevedra	1.283	2.194	1.710	76,7
Galicia	**3.747**	**5.240**	**1.398**	**61,5**
España	**86.330**	**255.513**	**2.960**	**12,6**

Fonte: INE. Producción editorial de libros

A provincia da Coruña acumulou no ano 2008 o 57,6% dos títulos que se editaron en Galicia

Persoas que realizaron actividades culturais segundo o ámbito cultural. 2006-2007

Porcentaxe

	Galicia	España	Variación Galicia respecto España
Museos (visitaron)	25,9	31,2	-5,3
Exposicións (visitaron)	25,5	24,7	0,8
Monumentos (visitaron)	31,6	34,1	-2,5
Bibliotecas (foron)	13,4	17,6	-4,2
Lectura (libros non relacionados coa profesión)	43,1	52,5	-9,4
Teatro (asistiron)	11,9	19,1	-7,2
Ópera (asistiron)	1,3	2,7	-1,4
Zarzuela (asistiron)	0,5	1,9	-1,4
Ballet/danza (asistiron)	2,2	5,1	-2,9
Concertos de música clásica (asistiron)	7,6	8,4	-0,8
Concertos de música actual (asistiron)	26,2	26,4	-0,2
Cine (asistiron)	39,7	52,1	-12,4

Fonte: MC. Encuesta de hábitos y prácticas culturales en España

O 39,7% dos galegos asistiron ao cine e o 43,1% leron libros non relacionados coa profesión

Aínda que estas dúas actividades culturais son as que acadan unha maior participación en Galicia, a porcentaxe de galegos que as realizou segue a ser menor que a rexistrada para España.

En 2002-2003, a porcentaxe de galegos que asistiron ao cine foi dun 49,6% e o 50,7% leron libros non relacionados coa profesión, valores lixeiramente máis elevados que os acadados en 2006-2007.

Actividade cinematográfica. Galicia. Ano 2007

Fonte: MC. Anuario de estadísticas culturales

Bibliotecas por 100.000 habitantes. Ano 2006



Fonte: MC. Anuario de estadísticas culturales

Gasto en ocio, espectáculos e cultura. Ano 2007

	Galicia	España
Porcentaxe de gasto no total de bens e servizos	5,9	7,0
Gasto medio por fogar (euros)	1.743,4	2.247,2
Gasto medio por persoa (euros)	619,4	819,7

Fonte: INE. Encuesta de presupuestos familiares

No ano 2007, o gasto medio por fogar dos galegos en bens e servizos culturais é un 22,4% menos que o gasto medio por fogar no conxunto de España.

Taxa de actividade. Galicia. Ano 2008
Porcentaxes



Fonte: INE. Encuesta de población activa

No ano 2008, os datos da Enquisa de poboación activa (EPA) reflicten que en Galicia hai unha taxa de actividade do 55,1% e unha taxa de paro do 8,7%. Os homes e as mulleres de 25 a 54 anos teñen a maior taxa de actividade (84,0%) e o colectivo de 55 ou máis idade, a menor (18,7%). Pola súa parte, a maior taxa de paro obsérvase entre os homes e mulleres de 16 a 24 anos (21,2%) e a menor entre os de 55 ou máis (5,5%)

Taxa de paro. Galicia. Ano 2008
Porcentaxes



Fonte: INE. Encuesta de población activa

Poboación de 16 e máis anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Ano 2008
Miles de persoas e porcentaxes

	Miles de persoas	Variación interanual (%)
Ambos os sexos		
Total	2.387,6	0,3%
Activos	1.314,8	1,8%
Ocupados	1.200,1	0,6%
Parados	114,7	16,2%
Inactivos	1.072,8	-1,5%
Homes		
Total	1.140,5	0,3%
Activos	726,4	1,0%
Ocupados	672,7	-0,8%
Parados	53,7	30,3%
Inactivos	414,1	-0,8%
Mulleres		
Total	1.247,1	0,2%
Activas	588,4	2,8%
Ocupadas	527,4	2,4%
Paradas	61,0	6,1%
Inactivas	658,7	-1,9%

Fonte: INE. Encuesta de población activa

Sobe o número de parados

Segundo a Enquisa de poboación activa (EPA), en 2008 o número total de activos medra un 1,8% respecto a 2007 e sitúase en máis de 1,3 millóns de persoas.

O número de homes ocupados descende un 0,8% respecto de 2007. Pola contra, aumenta o número de mulleres ocupadas, que é un 2,4% superior ao do ano anterior, e créanse nun ano máis de 12.000 novos empregos para as mulleres.

O número de parados en 2008 aumenta nun 16,2% respecto ao ano anterior e acada case as 115.000 persoas; a dita subida aféctalles máis aos homes (30,3%) que ás mulleres (6,1%).

Poboación ocupada por situación profesional. Galicia. Ano 2008

Miles de persoas

	Miles de persoas	Variación interanual (%)
Total	**1.200,1**	0,6%
Traballadores por conta propia	276,4	2,2%
Empresario sen asalariados	167,8	4,9%
Empresario con asalariados	86,6	-0,2%
Membro de cooperativa	2,8	27,3%
Axuda familar	19,2	-10,7%
Asalariados: total	922,9	0,1%

Sobe o número de empresarios sen asalariados

O número de ocupados sitúase en 1,2 millóns de persoas; por situación profesional, o 76,9% son asalariados e o 23,0% restante son traballadores por conta propia. O número de empresarios sen asalariados aumenta un 4,9% respecto de 2007, ao acadar case as 168.000 persoas.

Distribución da poboación ocupada segundo os sectores de actividade. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes

Homes



Mulleres



Poboación asalariada por tipo de sector (público/privado) e tipo de contrato. Galicia. Ano 2008

Miles de persoas

	Total	Contrato indefinido	Contrato temporal
Asalariados	922,9	640,1	282,8
Sector público	195,3	141,6	53,7
Sector privado	727,7	498,5	229,2

Fonte: INE. Encuesta de población activa

Porcentaxe de asalariados segundo tipo de contrato. Galicia. Ano 2008



Fonte: INE. Encuesta de población activa

Proporción de paro rexistrado na poboación entre 16 e 64 anos. Galicia. Ano 2008



Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Informe do paro rexistrado. INE. Padrón municipal de habitantes

Porcentaxe de ocupados segundo o tipo de xornada. Galicia. Ano 2008



Fonte: INE. Encuesta de población activa

Fogares segundo a relación coa actividade. Galicia. Ano 2008

Fonte: INE. Encuesta de población activa

En 2008 producíronse en Galicia unha media de 59 accidentes laborais por cada 1.000 traballadores afiliados. O sector da construción é o que presenta un índice de incidencia máis elevado, ao superar os 120 accidentes por cada 1.000 traballadores.

Índice de incidencia de accidentes laborais segundo o sector de actividade. Galicia. Ano 2007

Número de accidentes por cada mil afiliados



Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Sinistralidade laboral en Galicia

Evolución do número de traballadores afiliados á Seguridade Social en alta laboral. Galicia



Fonte: MTAS. Anuario estadístico. Extraído de http://www.mtas.es

Lixeira subida dos afiliados en alta laboral

O número de afiliados en alta laboral incrementouse en 2008 en 2.400 persoas con respecto a 2007. No ano 2008, en Galicia rexistrouse unha media de 1.072.535 traballadores afiliados en alta laboral.

Das 8.919 autorizacións concedidas a estranxeiros en Galicia durante o ano 2007, o 59,7% correspondían a traballos no sector servizos. Atendendo á ocupación, o 28,2% son traballos cualificados.

Autorizacións de traballo concedidas a estranxeiros segundo o sector de actividade e a ocupación. Galicia. Ano 2007



Fonte: MTAS. Extraído de http://www.mtas.es
Os datos son provisionais

Custo laboral por traballador e o sector de actividade. Galicia. Ano 2007

Euros

	Total	Variación interanual (%)
Custo total bruto	23.899	3,7%
Soldos e salarios	17.255	4,3%
Cotizacións obrigatorias	5.643	3,4%
Outros custos	1.001	-3,6%
Subvencións e deducións	300	11,3%
Custo total neto	23.599	3,6%

Fonte: INE. Encuesta anual de coste laboral

Nota: os datos fan referencia á industria, á construción e ós servizos

No sector da enerxía e da auga están os salarios máis altos

No ano 2007, o custo laboral neto por traballador foi de 23.599 €, que presenta un crecemento medio do 3,4% respecto ao ano anterior, mentres que os soldos e salarios crecen un 4,3%. No ano 2007, un 72,2% do custo laboral bruto destínase ao pagamento de soldos e salarios, o 23,6 % a cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e o 4,1% restante a satifacer outros custos.

En 2007, un total de 1.141.811 galegos recibiron contraprestacións en concepto de rendementos do traballo e o seu salario medio anual situouse nos 16.743 €. O sector con maior salario foi o da enerxía e auga, cun salario medio anual de 34.629 €, seguido do das entidades financeiras e aseguradoras e do da ensino e sanidade.

Asalariados e salario medio anual segundo o sector de actividade. Galicia. Ano 2007

Número e euros

	Asalariados	Salario medio anual (€)
Total	**1.141.811**	**16.743**
Enerxía e auga	6.016	34.629
Industria	188.749	17.254
Construción e servizos inmobiliarios	160.871	15.418
Comercio	192.152	14.226
Transporte e comunicacións	59.687	17.475
Hostalería e restauración	68.200	8.107
Entidades financeiras e aseguradoras	29.136	30.856
Servizo ás empresas	105.019	14.481
Ensino e sanidade	91.464	22.595
Outros	231.865	18.322
Sen clasificar	8.653	12.473

Fonte: AEAT. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias

Custo laboral. Galicia. Ano 2007

Euros por traballador



Fonte: INE. Encuesta anual de coste laboral

Salario medio anual segundo xénero e nacionalidade. Galicia. Ano 2007

Euros



Fonte: AEAT. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias

Mozos que viven cos pais. Distribución segundo o sexo. Galicia

Porcentaxes

	Homes	Mulleres	Total
2002	87,7	82,0	84,9
2003	86,4	80,7	83,6
2004	86,2	77,1	81,7
2005	86,2	77,8	82,1
2006	83,2	73,5	78,4
2007	81,5	72,4	77,0

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias
Nota: os datos fan referencia á poboación de 18 a 29 anos

No ano 2007, catro de cada cinco mozos galegos de entre 18 e 29 anos vivían cos pais. Esta porcentaxe é case dez puntos superior nos homes (81,5%) que nas mulleres (72,4%).

Porcentaxe de fogares segundo o número de persoas menores de 16 anos. Ano 2007

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Fogares segundo a súa tipoloxía. Ano 2007

Porcentaxes

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Unipersoal	19,2	18,6	21,4	25,6	16,4
Sen núcleo	2,5	3,0	3,0	1,7	1,9
Parella con fillos	35,7	36,6	28,7	32,5	38,7
Parella sen fillos	19,6	18,4	20,3	24,2	18,9
Monoparental	9,4	9,5	11,1	6,1	10,0
Un núcleo e outros	9,2	9,4	11,1	7,2	9,1
Varios núcleos	4,4	4,5	4,4	2,8	5,0
Total	100	100	100	100	100
Tamaño medio do fogar (persoas)	2,7	2,8	2,6	2,5	2,9

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Preto do 20% dos fogares galegos son unipersoais

No ano 2007, Galicia contaba con 990.723 fogares, cun tamaño medio de 2,7 persoas por fogar.

A tipoloxía máis habitual do fogar galego é a formada por unha parella con fillos (35,7% dos fogares). Os fogares constituídos por unha parella sen fillos supoñen, en 2007, preto do 20% do total de fogares galegos. No tocante ao número de fogares unipersoais, vén aumentando nos últimos anos en Galicia ata acadar a cifra de 190.004 en 2007, o que supón o 19,2% do total de fogares.

Nun de cada cinco fogares galegos só residen persoas de 65 ou máis anos. Esta porcentaxe varía desde o 31,2% para a provincia de Ourense ata o 16,3% de Pontevedra.

Fogares con todos os seus membros de 65 ou máis anos. Galicia. Ano 2007

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Ingresos dos fogares galegos. Ano 2007

Euros e porcentaxes

	2007
Ingreso medio mensual do fogar	**1.923**
Procedencia dos ingresos dos fogares	
Traballo conta allea	56,7%
Traballo conta propia	13,5%
Prestacións	27,8%
Rendas e outros ingresos	2,1%
Fogares segundo a dificultade para chegar a fin de mes	
Con facilidade ou moita facilidade	36,9%
Con dificultade	47,1%
Con moita dificultade	16,0%

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Os fogares galegos ingresan de media 1.923 euros ao mes

En 2007, o ingreso medio mensual do fogar galego situouse en 1.923 euros, un 7,3% máis que en 2006. O 70,2% destes ingresos procede do traballo, o 27,8% de prestacións e o 2,1% restante de rendas e outros ingresos.

Por provincias, A Coruña e Pontevedra son as que presentan maiores ingresos medios mensuais por fogar, con 2.036 e 2.000 euros, respectivamente. En Lugo, o ingreso medio mensual é de 1.736 euros e Ourense, con 1.581 euros, é a que acada un menor ingreso.

O 63,1% dos fogares manifesta chegar con dificultade ou moita dificultade a final de mes.

Gasto medio por fogar e distribución porcentual por grupos de gasto. Galicia. Ano 2007

Euros e porcentaxes

	Gasto medio	%
Total	**29.277**	**100,0**
Alimentos e bebidas non alcohólicas	5.003	17,1
Bebidas alcohólicas, tabaco e narcóticos	609	2,1
Artigos de vestir e calzado	2.333	8,0
Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles	6.563	22,4
Mobiliario, equipamento do fogar e gastos correntes de conservación da vivenda	1.671	5,7
Saúde	879	3,0
Transportes	4.338	14,8
Comunicacións	868	3,0
Ocio, espectáculos e cultura	1.743	6,0
Ensino	202	0,7
Hoteis, cafés e restaurantes	2.824	9,6
Outros bens e servizos	2.244	7,7

Fonte: INE. Encuesta de presupuestos familiares. Extraído de http://www.ine.es [28 de maio, 2009]

Taxa de risco de pobreza. Ano 2007

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes. En 2007, o limiar de risco de pobreza en Galicia situouse nos 571 euros ao mes.

Durante o ano 2007, cada fogar galego dedicou de media 29.277 euros para os gastos de consumo.

Por grupos de gasto, os fogares destinaron o 22,4% do seu orzamento a gastos relacionados coa vivenda, o 17,1% a alimentos e bebidas non alcohólicas e o 14,8% ao transporte.

No grupo de gasto de "vivenda", ademais dos alugamentos reais inclúense os alugamentos imputados: cando un fogar é propietario da vivenda na que reside, ou a ten cedida, estímase o valor do alugamento que se pagaría no mercado por unha vivenda similar á que ocupa.

Evolución do número de beneficiarios de prestacións por desemprego. Galicia

Miles de persoas



Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración. Extraído de http://www.mtin.es [5 de xuño, 2009]

No ano 2007, segundo a Enquisa de condicións de vida das familias, o 60,8% dos fogares galegos contaba con polo menos unha persoa que percibía ingresos procedentes de prestacións.

Por provincias, esta porcentaxe é maior nas provincias orientais (un 67,4% en Lugo e un 66,0% en Ourense), que nas provincias occidentais (un 61,1% na Coruña e un 55,6% en Pontevedra).

Fogares segundo o número de persoas perceptoras de ingresos procedentes de prestacións. Galicia. Ano 2007

Número de fogares e porcentaxes

	Número	%
Ningunha	388.345	39,2
Unha	420.278	42,4
Dúas ou máis	182.100	18,4

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Número de pensións contributivas da Seguridade Social e importe medio. Galicia. Media do ano 2008

Número de pensións e euros

	Galicia		España	
	Número	Importe €	Número	Importe €
Total	**708.539**	**600,7**	**8.390.796**	**719,7**
Incapacidade permanente	67.504	686,4	906.835	801,5
Xubilación	436.037	667,7	4.936.839	814,5
Viuvez	179.795	443,7	2.249.904	529,0
Orfandade e favores familiares	25.204	333,9	297.219	338,2

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración. Avance del anuario de estadísticas. Extraído de http://www.mtin.es [29 de xuño, 2009]

En Galicia a pensión contributiva media é de 600,7 euros/mes

En Galicia, no ano 2008 rexistráronse unha media de 708.539 pensións contributivas ao sistema da Seguridade Social, cun importe medio de 600,7 euros ao mes. Con respecto ao ano 2007, o número de pensións aumentou preto dun 1%, mentres que o importe medio mensual aumentou un 6,9%.

Seis de cada dez pensións contributivas da Seguridade Social son de xubilación e o importe medio ascende aos 667,7 euros ao mes, un 7,2% máis que en 2007. As pensións de viuvez supoñen o 25,4% das pensións contributivas; o importe medio mensual subiu un 6,2% con respecto ao ano 2007 e acada os 443,7 euros.

No tocante ás pensións non contributivas da Seguridade Social, o día 1 de xaneiro de 2009 existían en Galicia preto de 50.000 beneficiarios. Para este tipo de pensións, o importe máximo é de 336,33 euros ao mes.

Número de beneficiarios das pensións non contributivas. Galicia. Ano 2008

	Beneficiarios
Renda de integración social de Galicia (RISGA)	4.350
Pensións non contributivas da Seguridade Social	49.381
Invalidez	18.694
Xubilación	30.687
Lei de integración social dos minusválidos (LISMI)	2.066
Pensións asistenciais (FAS)	53
Axudas de emerxencia social (AES)	2.172

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Extraído de http://www.xunta.es/conselleria-traballo-e-benestar
Ministerio de Trabajo e Inmigración. Extraído de http://www.mtin.es [5 de xuño, 2009]
Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro de 2008 excepto para as pensións non contributivas da SS, o LISMI e as FAS, que é o día 1 de xaneiro de 2009

Condenados en Galicia e España. Ano 2007

	Galicia	España
Condenados (maiores de idade)	6.870	135.224
Homes	6.352	123.939
Mulleres	518	11.285
De nacionalidade estranxeira	578	39.379
Delitos	8.843	172.518
Condenados /1.000 habitantes	2,5	3,0
Delitos/1.000 habitantes	3,2	3,8
Condenados menores (de 14 a 17 anos)	523	13.631

Fonte: INE. Estadística de condenados e Estadística de menores. Extraído de http://www.ine.es [2 de xuño, 2009]
Nota: para o cálculo da taxa de condenados e delitos por mil habitantes utilizáronse as estimacións da poboación actual (EPOBA) do día 1 de xullo de 2007 publicadas polo INE

O 92,5% dos condenados en Galicia son homes

Durante o ano 2007 rexistráronse en Galicia 6.870 condenados, dos cales o 92,5% eran homes e o 7,5% mulleres. O estranxeiros supoñen o 8,4% do total de condenados.

O total de delitos cometidos foi 8.843. Atendendo á tipoloxía do delito, os máis frecuentes son os delitos contra a seguridade colectiva (38,1% do total), onde se inclúen os delitos de risco catastrófico, dos incendios, contra a saúde pública e contra a seguridade do tráfico. As lesións son a segunda tipoloxía máis habitual (20,2%) e séguenas os delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica (17,9%).

Evolución do número de denuncias por malos tratos producidos pola parella ou ex parella. Galicia



Fonte: Instituto de la Mujer. Extraído de http://www.migualdad.es/mujer/
Nota: inclúense todos aqueles casos nos que o autor foi: o cónxuxe, ex cónxuxe, compañeiro/compañeira sentimental, ex compañeiro/compañeira sentimental, noivo/noiva ou ex noivo/noiva.

Eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o día 1 de marzo de 2009

Número, votos e porcentaxes

		%
Censo	2.648.416	
Votos	1.706.198	100,0
A candidaturas	1.662.904	97,5
PP	789.427	46,3
PSG-PSOE	524.488	30,7
BNG	270.712	15,9
Outras	78.277	4,6
Brancos e nulos	43.294	2,5
Abstencións	942.218	

Fonte: Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Repartición dos escanos no Parlamento de Galicia. Eleccións celebradas o día 1 de marzo de 2009



Fonte: Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Eleccións ao Parlamento Europeo celebradas o día 7 de xuño de 2009

Número, votos e porcentaxes

	Galicia	%
Censo	2.653.409	
Votos	1.149.973	100,0
A candidaturas	1.129.806	98,2
PP	571.320	49,7
PSG-PSOE	403.141	35,1
EPV	103.724	9,0
Outras	51.527	4,5
Brancos e nulos	20.167	1,8
Abstencións	1.222.082	

Fonte: Ministerio de Interior. Extraído de htt://elecciones.mir.es [29 de xuño, 2009]

Número de explotacións de gandería ecolóxica. Galicia.



As explotacións ecolóxicas de carne de vacún son as máis numerosas en Galicia (existen 74 no ano 2007) e incrementánronse en 19 explotacións dende o ano 2004.

Principais producións agrícolas. Ano 2007. Galicia e provincias

Toneladas

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Cereais e leguminosas gran					
Trigo	83.917	15.390	17.747	48.048	2.732
Centeo	20.519	206	3.519	16.404	390
Feixón seco	3.098	1.484	865	377	372
Tubérculos					
Pataca	353.666	77.225	93.030	152.270	31.141
Cultivos forraxeiros					
Millo forraxeiro	2.281.193	1.375.174	736.757	24.381	144.881
Pradaría	10.387.304	4.344.400	5.103.890	81.878	857.136
Hortalizas					
Repolo e coliflor	87.838	29.840	18.485	21.339	18.174
Tomate	93.051	24.085	12.918	18.810	37.238
Viñedo (uva para o viño)	153.792	16.178	12.647	47.042	77.925

Fonte: Información subministrada directamente pola Consellería do Medio Rural

No ano 2007, en Galicia producíronse máis de 2.281 mil toneladas de millo forraxeiro

A principal produtora de millo forraxeiro é A Coruña, produce o 60% do total de Galicia. En Lugo a pradaría supón preto do 50% do producido en Galicia, mentres Ourense é a principal produtora de trigo (48.048 toneladas) e patacas, co 43% do total producido en Galicia. Pontevedra xoga un papel importante en produción de uva para o viño (o 51% do total de Galicia).

No tocante á produción gandeira, no ano 2007 producíronse en Galicia 375 mil toneladas de carne (inclúe bovino, porcino, ave e coello), 8.404 toneladas máis que no ano 2006. A produción de leite experimentou un incremento do 8,9% con respecto ao ano 2006.

Principais producións gandeiras. Ano 2007

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Produción de carne de bovino, porcino, ave e coello (toneladas)	375.587	64.102	52.905	113.621	144.959
Leite (miles de litros)	2.285.786	964.007	1.035.476	26.276	260.027
Ovos de galiña (miles de ducias)	52.955	9.953	9.108	19.957	13.937

Fonte: información subministrada directamente pola Consellería do Medio Rural

Evolución dos prezos da terra. Galicia

Euros/ Ha



Fonte: Información subministrada directamente pola Consellería do Medio Rural
Nota: considérase o prezo máis frecuente nas transaccións

Os prezos da terra máis altos de Galicia son os dedicados ao cultivo de viñedos de secaño

En 2007, o prezo da terra dedicado ao viñedo de secaño era de 52.890€/ha e sitúase 9.796 euros por riba do ano 2000.

O prezo da terra de pasteiro de secaño é o que presenta os prezos máis baixos (6.446€/ha), cun incremento de 195 euros dende o ano 2000. Os prezos da terra de labradío regadío, prado regadío, labradío secaño e prado secaño mantivéronse sen grandes variacións no período 2000-2007.

Efectivos e explotacións de gando bovino. Ano 2008

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Número de explotacións	58.473	20.720	19.128	3.660	14.965
Número de bovinos	949.436	342.076	448.936	55.171	103.253
Número de vacas:	561.447	208.574	269.635	23.723	59.515
de muxidura	339.530	143.853	151.764	3.276	40.637
de non muxidura	221.917	64.721	117.871	20.447	18.878
Outros bovinos	387.989	133.502	179.301	31.448	43.738

Fonte: Información subministrada directamente pola Consellería do Medio Rural

As explotacións de bovino concéntranse nas provincias da Coruña e Lugo

No ano 2008, o 68% das explotacións de bovino e o 83% do número de bovinos concéntranse nas provincias da Coruña e Lugo. Esta última provincia caracterízase, ademais, por ter as explotacións de maior tamaño.

Evolución da media anual do prezo do leite. Galicia e España

Euros/ 100 litros

	Galicia	España
2005	29,71	31,25
2006	29,61	30,51
2007	36,53	36,41
2008	38,04	39,08

